



# Texto inédito de Chus Pato

. Texto inédito, leído pola autora na homenaxe a Belén Feliu organizada pola Aula Castelao de Filosofía na Semana Galega de Filosofía de 2000  
. Autor: **Chus Pato**

Boas tardes: a miña intervención será breve pois non estou aquí senón porque Paz, irmá da nosa autora non puido acudir a esta chamada da Aula Castelao e en realidade o meu cometido non é outro que o de dar as gracias; pero antes de facelo quixera aportar algúns esbozos ou apontamentos de ideas

Efectivamente tal e como M<sup>o</sup> Xosé Queizán no seu fermosísimo texto indica, unha das características do estilo de Belén Feliú é a mistura entre o rexistro culto e a fala popular, gustaría de me deter aquí.

Como algúns de vos sabedes a familia da nosa autora non era de nación galega, senón instalados en Betanzos por razóns de traballo e destino, é así que o que se chama "lingua materna" para Belén non puido de maneira algunha ser o idioma galego

A Belén quizais por ser a irmá pequena tocoulle en sorte facer os recados da casa, actividade que seguindo o seu peculiar xeito de ser, ela converteu nunha festa; e así nunca se fartou de contar, as súas andainas entre todo tipo de vendedores e vendedoras betanceiras, chegando estas ao cimo da ledicia nas xornadas de feira, polo demáis moitas destas vendedoras entraban na casa sendo Belén quen as recibía; ista é pois a lingua-materna-literaria de Belén Feliú -o galego chegoulle a través de todo tipo de rianxos e mergullouse neles desde unha incesante felicidade, como un aceso á realidade social, ao intercambio que supón a comunicación co mundo.

O curso pasado a Aula quixo renderlle unha homenaxe publicando na contraportada dos seus relatorios un fragmento dun dos seus relatos, que hoxe por hoxe permanece inédito: é a historia dunha "xogadora", xogadora de naipes e casino que chega a gañar a banca de Chicago, banca que abandona pois )que pode facer unha verdadeira xogadora -contra o azar- como propietaria da banca dun dos casinos máis poderosos do mundo?. A nosa autora, teño que dicilo era unha magnífica xogadora -xogar a todo tipo de xogos de linguaxe- e como tal sabía distinguir perfectamente que débedas comre pagar e que débedas se teñen que pasar por alto.

Neste conxunto de textos, seis, que hoxe presentamos, e nos que restan inéditos, a introducción da fala popular -da fala ou intercambio co mundo- é unha constante, como constante foi a elección do idioma

As apariencias indican que non todo autor ou autora ten a posibilidade de elixir o idioma no que vai escribir iso que se adoita a chamar "unha obra", non quero estenderme neste presuposto pero direi que no caso de nós esta posibilidade de elección é obvia e que no que fai a Belén Feliu debe interpretarse como un acto de vontade, inmersión e libertade -todo escritor, escritora elixe o idioma (e a lingua particular, propia que vai construír), non hai azar, tal e como quería Mallarmé, neste sentido.



"Razón e exceso", sería este outro dos puntos que sinalaría seguindo de novo a intervención de MO Xosé Queizán: Espiderwoman ou a cifra do suxeito e do amor, imos por partes

O texto divide o mundo, existen seres simples e seres compostos, segundo o relato o suxeito non é un senón varios, múltiples, discursos que se engarzan, trenzanse, conviven, non poden ignorarse, escoitanse e non se xerarquizan. Suxeitos compostos como os nomes que os enuncian e que desde o propio nome rexeitan a barbarie monodireccional, de quen posúe un só e único ollo para dirixir a súa mirada, a súa palabra.

Que este libro "Da Guenizah" é unha escrita contra a barbarie é algo que non compre nin mencionar

E somella seguindo o relato que "amor", este amor que aquí se nos propón é o que reborda, o que excede, o que nos desvía cara o arroubamento, a un saírnos de nós, cara o éx-tase.

A cita deste amor "Bomarzo" o fantástico xardín, trasunto hiperliterario daquel que a autora tivo a man desde a nenez, o "Pasatempo" de Betanzos (a fotografía da portada, unha solarización dun dos pabellóns do xardín, foi tirada por Belén). Xardín do inverosímil, do capricho barroco e romántico, xardín do amor, da irreverencia; traído desde un novo mundo "America", desde o programa ilustrado que conciben certos indianos para educar Galicia. Todo isto e algo máis, desacougante, estraño -os traxes de Balenciaga

practicamente todos os presentes podemos lembrar, pois por idade, soportámolo, o traxe de noiva de "Carmencita", de Carmencita Franco... así é Balenciaga vestiu ás camadas máis ricas do franquismo, foi o seu deseñador... cada quen interpretara os símbolos. Hai nesa propiedade e roubo, nese xogo de espellos dos traxes Balenciaga que visten as amantes quizais unha condena, un non poder na pulsión do amor, no exceso, no saírse da razón, de si, un non poder separar as cousas, a aceptación dun luxo que quizais non nos pertence pero que si vivimos, que si arrastramos, como encadeados, )no amor? e que non podemos separar aquí de nós.

Forma, esta, curiosa e sorprendente de nomear: de inscribir no relato -de amor, do amor- o espanto, grisalla absoluta do Franquismo e o insulto das súas elites, do "bó gusto Balenciaga", da revista Hola, da canción "vacca lechera y leche merengada": posguerra ou ter fame, ou loito inacabable pois que a perda aínda non revertiu ao completo sobre de nos, os descendentes

Se amor é un saírse da razón, se amor é cita en Bomarzo, se amor é exceso. Amor é entón cadea, exercicio de aceptación e sumisión.... como sexan as cousas, o certo no relato é que Balenciaga viste ese amor

Poderíamos falar en efecto das flores, das "casablanca" con nome de película, de entrega, de sacrificio, de drama, de amor

Poderíamos falar tamén da "gloria" da exquisita burla que supón "Aire obstinado", burla sobre o esencialismo na arte e a paixón de quen escribe pola emoción, pola música, polas augas matriciais, pola escrita ígnea de Deus e de como o exercicio da escrita é en Belén Feliú unha caída de máscaras.

A escrita, toda clase de manuscritos como razón, como desveamento das máscaras da historia

A crítica aos sindicatos como estabilizadores da orde dada estaría hoxe moi de actualidade, este relato "Negativo da raíña negra"

-non, non é doada a lectura deste libro, e non o é pola novidade radical da mirada, da palabra, do desexo, do decir da autora.

Pola súa diferenza. Facer xustiza a esta diferenza é instituír novos destinatarios, novos destinatarios, novas significacións, novos referentes para que a "sinrazón" (as sinrazóns do libro) poidan expresarse e para que as demandantes (as do libro -ELA, Anaís, os Tricéfalos, Espirwoman, Sugar, Tschaika) deixen de ser vítimas



Difícil porque como literatura que é, é o seu obxecto sinalar diferencias e atoparlles o idioma.

Compre prestar ouvidos ao que non se presenta seguindo o canon, as regras preconcebidas do relato.

A posibilidade da acción, de tomar parte na historia, de non ser vítima paciente... xa que toda a escrita de Belén Feliú é escrita e vontade contra a traxedia, contra as estúpidas linguas do infortunio e por iso é narración pero tamén pensamento e poética: Flaubert, Baudelaire, Benjamin...

Contra a historia que nos vence, contra a historia que nos contan, contra a repetición do erro -o erro: a tumba de Benjamin

E tamén )cómo non? definición filosófica do Glamour, do dandismo tal e como de xeito maxistral Trigo ven de expor, o carmín a rosa

Ser quen de enfrontar a separación, a traxedia de todo o que se esvae e permanece, a enfermidade, o amor, a morte

Cada unha das letras hebreas do nome de Belén Feliú inscribíense neste libro. Belén significa forno en hebreo, lugar onde se coce o pan onde se renovan os solsticios

Da Guenizah é un libro da creación da creación do nome e da palabra

e dunha autora que decidiu ser entre nós, de nós

ser tessera de emoción e matría nun bo baso wisqui irlandés: Glennfidich -as vagoas da cervá

como icebergs:

ESTA SEMENTEIRA DE ICEBERG, DERREADOS  
COMO PATRIAS

TODA PRIMAVERA É SOLUBLE

E agora si, ....

gracias a .....

Chus Pato. 2000.